

## **BASES DO PREMIO AO MELLOR TFE EN LINGUA GALEGA DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA**

### **1. Obxecto da convocatoria**

Contribuír á dinamización, difusión e uso da lingua galega na vida académica do alumnado do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

### **2. Destinatarias/os**

Poderá presentarse ao *Premio ao mellor TFE en lingua galega* o alumnado do Conservatorio Superior de Música da Coruña que estea matriculado durante o curso 2020-2021, que **elabore e defenda o seu Traballo de Final de Estudos (TFE) en lingua galega** durante o ano académico 2020-2021, e que obteña cando menos a cualificación de APROBADO.

### **3. Premios**

Establécese como premio un Diploma acreditativo deste recoñecemento e un vale de 200 euros para gastos en material musical.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acadara un nivel axeitado, poderá declarar o premio deserto. Sempre que se estime pertinente, existirá tamén a posibilidade de outorgar o premio a varios traballos, repartindo o importe *ex aequo*, a partes iguais.

### **4. Presentación**

O prazo de presentación dos TFE ao concurso remata o **30 de setembro de 2021**.

O alumnado que desexe presentar o seu TFE enviará por correo electrónico ao enderezo **endl.csmus@gmail.com**, indicando no asunto *Premio ao mellor TFE en lingua galega*, a seguinte documentación:

- Datos persoais (nome e apelidos, teléfono e correo electrónico de contacto).
- Constancia, asinada polo/a Presidente/a do Tribunal do TFE, conforme o traballo se defendeu en lingua galega.

## **5. Resolución**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega fará pública a relación de traballos presentados durante a semana seguinte ao remate do prazo de presentación.

A resolución farase pública na última semana do mes de outubro do ano 2021.

O xurado dos Premio ao mellor TFE en lingua galega estará constituído polos membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro.

Na valoración dos traballos teranse en conta os seguintes criterios, na orde de prioridade que se indica:

- I) A súa presentación e constancia de defensa en lingua galega.
- II) A maior cualificación outorgada ao TFE polo Tribunal.
- III) A abordaxe de temáticas ligadas á realidade galega.
- IV) A corrección lingüística, o emprego axeitado da linguaxe da especialidade e a calidade na redacción.

A decisión do xurado é inapelábel e a participación no concurso leva implícita a aceptación destas bases na súa totalidade.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega comunicará á/s persoa/s gañadora/s a concesión do premio a través de correo electrónico e, igualmente, a resolución farase pública a través da páxina web do centro.